

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 09.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 9 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.	Preguntas orais en comisión
1.1	2680 (10/POC-000352) Grupo Parlamentario Popular de Galicia López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis Sobre as novidades do plan que rexe a captura do polbo no noso litoral e o desenvolvemento da campaña desde a apertura da veda <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017</i>
1.2	3733 (10/POC-000619) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis Sobre os plans de recuperación da pescada <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017</i>
1.3	5288 (10/POC-000912) Grupo Parlamentario Popular de Galicia López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis Sobre o balance da Xunta de Galicia en relación co volume de investimentos realizados en infraestruturas portuarias no período 2009-2016 e os previstos por Portos de Galicia para o futuro <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017</i>
1.4	5534 (10/POC-000962) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Prado Cores, María Montserrat e 5 máis Sobre as previsións do Goberno Galego respecto da recuperación da xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galicia, os datos referidos á xestión levada a cabo pola empresa adxudicataria e as modificacións introducidas no contrato inicial, así como a situación laboral do seu persoal <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017</i>
1.5	7604 (10/POC-001321) Grupo Parlamentario de En Marea Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José Sobre a valoración do Goberno galego en relación co rexeitamento no Congreso dos Deputados do Decreto lei da estiba, as declaracións realizadas polo actual presidente da Autoridade Portuaria de Vigo durante as mobilizacións dos estibadores en contra del, e os criterios seguidos para o recente nomeamento de tres membros do consello de administración desa entidade <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017</i>
1.6	7702 (10/POC-001341) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio Sobre o estado das negociacións entre os gobernos de España e de Portugal para a renovación do convenio de pesca entre ambos os países, os avances das últimas

xuntanzas do Comité Luso-Español de Pesquerías e a realización polo Goberno galego dalgunha xuntanza co sector, así como o traslado ao Goberno central das propostas formuladas polo sector pesqueiro galego

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017

- 1.7 8866 (10/POC-001558)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a xestión do servizo de atención de emerxencias en relación co naufraxio do pesqueiro "Novo Marco" do 26 de abril de 2017 na ría de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 116, do 19.05.2017
- 1.8 9203 (10/POC-001594)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as consecuencias nas vías de acceso á explotación do percebe do marco legal en materia de determinación das condicións de mal tempo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2680(10/POC-000352)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre as novidades do plan que rexe a captura do polbo no noso litoral e o desenvolvemento da campaña desde a apertura da veda

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 11:31
Nº Rexistro: 2680
Data envío: 28/12/2016 11:31:00.391

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Daniel Vega Pérez, Aurelio Nuñez Centeno, María Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión**.

O polbo (*Octopus vulgaris*) é unha especie actualmente sometida a diversas medidas técnicas de xestión e ordenación da súa pesquería. De entre estas medidas, a veda temporal é unha das medidas técnicas que comprende o plan experimental do polbo, co fin de axustar a xestión pesqueira ao ciclo de vida da especie e así protexer a súa reprodución e contribuír a unha explotación máis sustentable, o que redundará en beneficio do sector.

Durante o período de veda do polbo queda expresamente prohibida a captura desta especie, por medio de calquera arte, en augas nas que Galicia ten competencias en marisqueo. Polo tanto, as embarcacións dedicadas á captura de polbo con nasas deberán retiralas do seu calado e levalas a porto. Este tempo de veda é tamén aplicable á pesca marítima de recreo e ás capturas acadadas con calquera outra arte distinta da nasa para polbo.

A campaña do polbo reiniciouse de novo o 4 de xullo deste ano e prolongarase ata a data de inicio da veda do ano 2017. Esta nova campaña presenta unha serie de novidades que busca implicar ao sector no labor de control da pesca para evitar a sobreexplotación. Xunto a esta novidade regúlanse tamén os topes de capturas, horarios e zonas de traballo que repercutirán positivamente na mellora do recurso.

En virtude deste reinicio e do tempo transcorrido desde entón, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas Oraís en Comisión:



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 11:31
Nº Rexistro: 2680
Data envío: 28/12/2016 11:31:00.391

1. Cales son as principais novidades do plan que rexe a captura de polvo no noso litoral?
2. Cómo está a desenvolverse a campaña do polbo desde que se produciu a apertura da súa veda?

Santiago de Compostela 28 decembro de 2.016

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 28/12/2016 10:45:49

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2016 10:46:55

Alberto Pazos Couñago na data 28/12/2016 10:47:30

Daniel Vega Pérez na data 28/12/2016 10:49:54

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/12/2016 10:50:17

María Ángeles García Míguez na data 28/12/2016 10:50:32

Marta Rodríguez Arias na data 28/12/2016 10:50:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 3733(10/POC-000619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre os plans de recuperación da pescada

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:45
Nº Rexistro: 3733
Data envío: 19/01/2017 10:45:59.714

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa a coñecer o balance que realiza a Xunta dos peches da pesca levados a cabo no ano 2016.

A pesca é a especie principal de determinadas artes no litoral de Galicia. Leva dende o ano 2005 con medidas de regulación. Xa daquela a UE publicaba o Regulamento nº 2166/2005 de medidas de recuperación da pesca sur. O seu obxectivo era: reconstituír as poboacións de pesca nos próximos 10 anos. Exercer o control das capturas e das descargas. Mellorar e delimitar a súa explotación,

Unha década despois podemos comprobar como este recurso segue sen estar recuperado e a actividade cada vez está menos regulada. No ano 2014 estableceuse un Tac de 10.409 ton. O ano pasado sufriu unha rebaixa do 15%. E este ano a caída é nada máis e nada menos que do 22% quedando en 6.946 ton. Iso si, mentres a nosa conselleira Quintana valora o enorme esforzo negociador do Ministerio pois a proposta inicial era de diminuír a 60,2%.

Isto fainos reflexionar sobre o modelo de xestión dunha pesquería estratéxica como a da pesca, das medidas que se veñen impondo dende a Comisión europea, da xestión realizada polo Magrama e a inactividade por parte da Xunta de Galiza, que é incapaz de definir unha estratexia para conseguir o mantemento da actividade da nosa flota e blindar o emprego que xera.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:45
Nº Rexistro: 3733
Data envío: 19/01/2017 10:45:59.714

O panorama é desolador: unhas cotas moi inferiores as que precisan para manter a actividade na volanta, desenvolvendo a pesca do arrastre en condicións discriminatorias con respecto a flota lusa, tanto nos dereitos de pesca como nos días de actividade, como das artes empregadas. Non se teñen valorado si funcionan as actuais zonas de veda ou si hai que modificalas para preservar a cría e os desoves. E ningunha medida se ten adoptado para mellorar a venda en lonxa e que as capturas alcancen mellores prezos

A isto temos que sumar este ano o peche para artes menores o 27 de agosto, onde o sector tivo que solicitar un adiantamento da cota para poder facer fronte a unha medida desproporcionada, levada a cabo con total improvisación que deixou ao pairo a unhas 400 embarcacións galegas. Este ano as artes menores contaron cunha cota inicial de 882 ton as que se lle sumaron unha parte das sobrantes do ano 2015 alcanzando as 1.000 ton. E pechouse sen ter en conta sequera a posibilidade de que se pode adiantar ata un 10% da cota do 2017 o que evidencia a lonxanía de quen nos goberna e os prexuízos que ditas medidas lle causan ao sector.

Dende Bruxelas fálasenos de que o stock está en boas condicións, alcanzando o RMS esquecendo as baixadas consecutivas dos últimos anos e cunhas previsións desoladoras. O CIEM recomenda para o próximo ano unha redución do 24,5% o que evidencia unha xestión calamitosa con un Goberno galego ausente, incapaz de desenvolver medidas alternativa para garantir a actividade, os ingresos e o mantemento do emprego con situacións discriminatorias e medidas de peche abusivas.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

- 1.- Que balance realiza dos plans para a recuperación da pescada levados a cabo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:45
Nº Rexistro: 3733
Data envío: 19/01/2017 10:45:59.714

dende o ano 2005? Está recuperado o caladoiro? Garantido a actividade da flota de arrastre? Da flota da volanta?. Que medidas levou a cabo a Xunta de Galiza para impedir que sega a diminuír as posibilidades de capturar pescada para a nosa flota? E para mellorar as zonas de veda e desove? E para garantir uns prezos dignos que permitan a viabilidade da actividade?

2.- Cal é a política de investigación levada a cabo? Colaborou o sector para facilitar a información precisa? Creouse unha comisión integrada polo sector, parte científica e administración para avaliar o seguimento e resultados do plan de recuperación da pescada? Que medidas vai desenvolver para que cambie a tendencia de que cada ano haxa menos cotas?

3.- Que análise ten realizado do sector do arrastre e da volanta? Que futuro lles ten deseñado? Como se pode tolerar a discriminación do arrastre litoral con respecto a flota lusa?

4.- Considera razoable o peche para artes menores? Trasládoulle as queixas da Xunta de Galiza ao Goberno estatal? Demandou outro modelo que tome medidas antes de ordenar o peche? É este un modelo de control do esforzo pesqueiro acaído aos tempos que corren? Quen vai asumir a responsabilidade de tanto desatino? Para que sirva a Xunta de Galiza se non é quen de defender un sistema que garanta un control real das capturas e a adopción de medidas sen atopar ao sector? Non debería dimitir alguén por tanta irresponsabilidade e improvisación?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:45
Nº Rexistro: 3733
Data envío: 19/01/2017 10:45:59.714

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2016 11:03:05

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/11/2016 11:03:10

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2016 11:03:14

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2016 11:03:17

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2016 11:03:19

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2016 11:03:23

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 5288(10/POC-000912)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia en relación co volume de investimentos realizados en infraestruturas portuarias no período 2009-2016 e os previstos por Portos de Galicia para o futuro

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5288
Data envío: 16/02/2017 18:36:37.256

Á Mesa do Parlamento

Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, M^a Angeles García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

No ámbito de desenvolvemento económico, un dos temas de importancia conxuntural para Galicia, é a necesidade de contar cunhas infraestruturas portuarias de calidade, que permitan aos nosos portos, por un lado, competir en igualdade de circunstancias no contorno do comercial nacional e internacional, así como, por outro lado, ter a capacidade para mover produtos de forma áxil e eficiente.

Por iso, debemos apostar e investir nunhas infraestruturas óptimas e de calidade para dar cumprimento ás prácticas loxísticas máis exixentes

Sen embargo, pese aos esforzos dos últimos anos, sobre todo tendo en conta o panorama económico, é preciso seguir traballando para adecuar, ampliar e construír novas plataformas nos diferentes portos de titularidade autonómica.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

1. Cal é o balance que realiza a Xunta de Galicia sobre o volume de investimentos en Infraestruturas Portuarias realizados nos últimos oito exercicios (período 2009 -2016)?
2. Que inversións ten en previsión Portos de Galicia para o futuro?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5288
Data envío: 16/02/2017 18:36:37.256

Santiago de Compostela, 16 de Febreiro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2017 18:31:44

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2017 18:32:06

María Ángeles García Míguez na data 16/02/2017 18:32:26

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/02/2017 18:32:37

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2017 18:32:57

Marta Rodríguez Arias na data 16/02/2017 18:33:12

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2017 18:33:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 5534(10/POC-000962)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno Galego respecto da recuperación da xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galicia, os datos referidos á xestión levada a cabo pola empresa adxudicataria e as modificacións introducidas no contrato inicial, así como a situación laboral do seu persoal

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 18:03
Nº Rexistro: 5534
Data envío: 22/02/2017 18:03:40.934

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á recuperación por parte da Xunta de Galicia da xestión dos medios marítimos dos buques do Servizo de Gardacostas de Galicia.

No ano 2006 iniciábase o expediente de contratación polo procedemento aberto mediante concurso e trámite de urxencia para a contratación da xestión dos medios marítimos da Xunta de Galicia, mediante o cal os buques adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia pasaban a ser xestionados a través dunha coñecida empresa.

Nun modelo onde os medios son achegados pola administración:

- Remolcador “Sebastián de Ocampo”
- Buque de salvamento e apoio “Irmáns García Nodal”
- Buque pesqueiro multipropósito “Valentín Paz Andrade”
- Patrulleira “Paio Gómez Charito”

Dito contrato fíxoselle a primeira modificación o 17 de febreiro de 2009, a empresa incorporou o buque polivalente da súa propiedade, Ría de Vigo e minorou o prezo do servizo prestado en 600.000 euros, coa finalidade de axustar o prezo a realidade da súa execución.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 18:03
Nº Rexistro: 5534
Data envío: 22/02/2017 18:03:40.934

A segunda minoración tivo lugar o 03/05/2010 cunha rebaixa de **257.504,57 euros** . A partir desa data fóronse sucedendo as respectivas prórrogas, nun modelo de permisividade administrativa que no seu día xa foi denunciado polo CIS.

Hai que lembrar que esta empresa realiza a prestación de dotar ás embarcacións de persoal, requisitos administrativos, mantemento, reparación, etc. De xeito que a empresa cubre as actuais dotacións (42 tripulantes), realizar labores de mantemento, actualización de permisos, certificados, etc, e reparacións cando fose preciso. Tendo como finalidade do contrato ter os medios a punto e disposición das necesidades da administración.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Vai o Goberno galego recuperar para a xestión pública o Servizo de Gardacostas de Galiza?

-Que custe tivo dotar ao Servizo de Gardacostas de Galicia destes medios marítimos?

-Que custe ten a contratación de 42 empregado para facer operativas estas embarcacións? Que custe ten o mantelas operativas: permisos administrativos, certificados, rexistros, combustible, reparacións, etc, etc?

-Como foi posible esas dúas rebaixas no contrato? E que se rebaixara o contrato axuntando un barco da propia empresa?

-Encontra proporcionalidade entre o servizo e o que se lle paga?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 18:03
Nº Rexistro: 5534
Data envío: 22/02/2017 18:03:40.934

-Canto se lle leva pagado a empresa que presta este servizo por dotalos de persoal, e telos a punto para as necesidades do Servizo nesta última década?

-Cantas horas de funcionamento ten o “Irmáns García Nodal” E o Sebastián de Ocampo? Cantos servizos leva prestado o remolcador Ría de Vigo a administración galega dende a súa inclusión no contrato?

-Que melloras supuxo a externalización do servizo para o Servizo de Gardacostas de Galicia?

-Porqué non se concretan as funcións da nova escala operativa (titulados náutico-pesqueiros) creada pola Lei 10/2010, de 11 de novembro, de modificación da Lei 2/2004, de 21 de abril pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galiza?

-Cal é a razón de que ata o día de hoxe non se teña definido nin concretado as función da escala de axentes do Servizo de Gardacostas no relativo as actividades a bordo de embarcacións adicadas a salvamento e loita contra a contaminación?

-Non será que este contrato é ilegal, no caso de que se regulen as funcións do persoal funcionario adscrito as embarcacións da Xunta de Galicia, pois a administración galega xa conta con persoal cualificado para todos estes mesteres?

-Non se encontra o persoal, patróns, mecánicos e mariñeiros nunha situación de ilegalidade ao desenvolver funcións que non lle están recoñecidas?

-Como se explica que o persoal desta empresa estea inscrito no ISM e o persoal funcionario: patróns, mecánicos, mariñeiros desenvolvendo a mesma labor non poida beneficiarse dos coeficientes redutores e así xubilarse anticipadamente?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 18:03
Nº Rexistro: 5534
Data envío: 22/02/2017 18:03:40.934

-Non lle parece un prezo desproporcionado o que pagamos na última década todos os galegos, por un servizo onde a propia administración pon as embarcacións e para o que se conta tamén con persoal cualificado para poder realizar o traballo?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2017 17:58:19

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2017 17:58:29

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2017 17:58:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2017 17:58:38



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/02/2017 18:03

Nº Rexistro: 5534

Data envío: 22/02/2017 18:03:40.934

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2017 17:58:42

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2017 17:58:45

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 7604(10/POC-001321)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co rexeitamento no Congreso dos Deputados do Decreto lei da estiba, as declaracións realizadas polo actual presidente da Autoridade Portuaria de Vigo durante as mobilizacións dos estibadores en contra del, e os criterios seguidos para o recente nomeamento de tres membros do consello de administración desa entidade

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 8.ª**.

O rexeitamento do Decreto Lei da Estiba no Congreso dos Deputados, o pasado 16 de Marzo, significou unha dura derrota para o Partido Popular. A intención do actual Goberno español de aprobar unha norma legal sen conseguir un acordo previo cos estibadores, imposibilitou que se puidera chegar a un consenso entre todas as forzas políticas.

As palabras que o actual presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, o señor Enrique Lopez-Veiga, fixo mentres os estibadores se mobilizaban contra este Decreto Lei, xeraron un profundo malestar entre todo o sector. Declaracións como o plantexamento de poñer cámaras de vídeo vixilancia para controlar os traballadores durante as folgas, dicir que a problemática da estiba recordaba ao problema dos controladores aéreos ou afirmar que os estibadores querían que o Goberno español seguise pagando multas por defender o mantemento dos seus dereitos laborais, son, segundo o punto de vista de En Marea, afirmacións nada afortunadas por parte do ex conselleiro de Pesca.

Por outro lado, os recentes nomeamentos de Alfonso Rueda, Mercedes Rodríguez e Ignacio López-Chaves, para formar parte do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo, parecen responder a criterios partidistas e non de eficacia na xestión da autoridade portuaria, afondando no modelo de ocupación partidaria da administración por parte do PP.

Polo exposto anteriormente, formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1.ª) Que valoración fai o Goberno galego da negativa do executivo central a aceptar o acordo entre as partes para desbloquear a situación ?
- 2.ª) Considera que é unha boa medida poñer cámaras de seguridade para vixiar aos traballadores que exercen o seu dereito a folga?
- 3ª) Que valoración fai o Goberno das desafortunadas declaracións do señor Lopez-Veiga?
- 4.ª) Considera positiva a utilización partidaria do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo cos recentes nomeamentos de Alfonso Rueda, Mercedes Rodríguez e Ignacio López-Chaves?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 05/04/2017 09:51:33

Juan José Merlo Lorenzo na data 05/04/2017 09:51:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 09:52
Nº Rexistro: 7604
Data envío: 05/04/2017 09:52:21.637

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 7702(10/POC-001341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre o estado das negociacións entre os gobernos de España e de Portugal para a renovación do convenio de pesca entre ambos os países, os avances das últimas xuntanzas do Comité Luso-Español de Pesquerías e a realización polo Goberno galego dalgunha xuntanza co sector, así como o traslado ao Goberno central das propostas formuladas polo sector pesqueiro galego

Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7702
Data envío: 06/04/2017 14:17:13.990



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª

O acordo sobre as condicións de exercicio da actividade da frota española e portuguesa nas augas de ambos países entre o Reino de España e a República Portuguesa, supón unha importante desvantaxe competitiva para a frota española, e así o vén manifestando o sector.

Por un lado, en canto a que a frota portuguesa pode traballar nas fins de semana, mentres que a galega permanece amarrada. Pero por outro lado, tampouco ambas frotas compiten nas mesmas condicións técnicas. Así, por exemplo, as embarcacións lusas poden utilizar o denominado “tren de bolos” complementario ao arrastre, pero os arrastreiros galegos teñen unhas condicións restritivas para o seu emprego.

E isto é así, aínda que os espazos de traballo e mercados son os mesmos.

En decembro vencerá o acordo entre ambos países en vigor. Polo tanto, fanse precisas reunións co sector, nas que os afectados poidan indicar e establecer os aspectos que, ao seu criterio, deben ser tidos en consideración para ser obxecto de revisión na elaboración do novo convenio.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego do punto no que están as negociacións entre o Goberno de España e o de Portugal para a renovación do novo convenio de pesca entre ambos países?

2ª) Cales foron os avances, de existir, das últimas xuntanzas realizadas do Comité Luso Español de Pesquerías (COLEP)?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7702
Data envío: 06/04/2017 14:17:13.990



 **Grupo Parlamentario**

3ª) Ten realizado o Goberno galego algunha xuntanza co sector?

4ª) Trasládoulle o Goberno galego ao Goberno de España de maneira contundente as propostas realizadas polo sector en Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/04/2017 14:12:05

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2017 14:12:17

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 8866(10/POC-001558)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a xestión do servizo de atención de emerxencias en relación co naufraxio do pesqueiro "Novo Marco" o 26 de abril de 2017 na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 116, 19.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á xestión das emerxencias no accidente do “Nuevo Marcos”.

O pasado 8 de maio a asemblea de traballadores do 112 , xunto con catro asociacións profesionais do ámbito das emerxencias (Asociación Galega de Técnicos en Emerxencias Sanitarias (ASGATE), a Asociación de Técnicos de Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia (TES Galicia), a Mesa Intersindical de Bombeiros e a Plataforma de Bombeiros Públicos de Galicia, denunciaron que o operativo de rescate para actuar no naufraxio do “Nuevo Marcos” (Que se produciu na ría de Pontevedra o pasado 26 de Abril e que deixou tres mariñeiros falecidos) viuse afectado polo colapso do servizo de atención de emerxencias.

Segundo denuncian estes colectivos, os medios de rescate acuáticos que estaban máis pretos do lugar (bombeiros de Pontevedra) non foron alertados para axudar a salvamento marítimo. Afirmar que o propio 112 non tiña coñecemento de que estes bombeiros contaban cos recursos para poder actuar neste tipo de accidentes marítimos

Tamén denuncian que o helicóptero Pesca II, da Xunta de Galicia, despegou con 10 minutos de retraso, xa que a plataforma tecnolóxica do 112 bloqueou a chamada de alerta, un retardo que ten uns responsables directos ben identificables. A situación xa era alarmante con anterioridade pero o trasladado do 112 está a estender o colapso a outros organismos, como neste caso.



Por todo o sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.ª) Cal foi o protocolo que se aplicou durante o operativo de rescate no accidente do “Nuevo Marcos”?
- 2.ª) É certo que a plataforma tecnolóxica do 112 bloqueou a chamada de alerta no accidente provocando o retraso na resposta dos medios aéreos, de ser así, ten previsto depurar responsabilidades políticas por esta aberración?
- 3.ª) Foron avisados os medios de rescate acuático dos bombeiros de Pontevedra para participar no operativo?
- 4.ª) Ten o 112 un mapa galego de recursos acuáticos para poder prestar un mellor servizo cando acontecen accidentes no mar?
- 5.ª) Ten elaborado o Goberno galego un informe que poña luz sobre o acontecido, onde se recolla o conxunto completo do rexistro de comunicacións durante o sinistro?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 10/05/2017 14:34:41

Juan José Merlo Lorenzo na data 10/05/2017 14:34:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 8866
Data envío: 10/05/2017 14:36:34.449

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 9203(10/POC-001594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as consecuencias nas vías de acceso á explotación do
percebe do marco legal en materia de determinación das
condicións de mal tempo

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 12:29
Nº Rexistro: 9203
Data envío: 16/05/2017 12:29:37.808



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A actividade de extracción do percebe está regulada de forma que se consideran dúas vías para a extracción: a flote e a pé. Esta regulación atópase explicitada na Orde do 30 de decembro de 2015, de Regulación de Explotacións dos Recursos Específicos. Esta mesma orde contempla a dificultade de acceso ao percebe con mal tempo, citando expresamente “*A situación se complica en caso de mal tempo, pola dificultade de empregar a embarcación, de maneira que o acceso das persoas tripulantes ás zonas de traballo pode ser por terra, permanecendo a embarcación no porto*” (páx. 2231 DOG xoves 21 de xaneiro de 2016).

No referido ao capítulo V, referido aos plans de xestión, na súa sección 3ª de disposicións específicas, o artigo 64 dedícase especificamente aos plans de xestión do percebe. No punto 3 deste artigo menciónase: “*Cando nun mesmo plan de traballo se contemplan zonas de traballo a pé e dende a embarcación que non estean separadas para ambos colectivos, as persoas tripulantes so poderán acceder ao recurso por terra cando o mal tempo dificulte o uso da embarcación. Neste suposto, todas as persoas tripulantes dunha embarcación accederán da mesma maneira ao recurso*”

A delimitación do mal tempo posúe distintos indicadores posibles, e distintos equipos e medios técnicos para avalialo. Non entanto, a Lei 14/2014, do 24 de xullo de navegación marítima indica no propio Preámbulo, no apartado V que: “*queda garantizada a liberdade do capitán para tomar decisións autónomas en materia de seguridade y medio ambiente*”. Estas atribucións desenvólvense de maneira máis exhaustivas no título III, dos suxeitos da navegación, capítulo III sección 2ª específica sobre o capitán. A Dirección General de la Marina Mercante, a través da Subdirección General de Seguridade, refrendou este amparo legal na súa resolución emitida a preguntas de traballadores do sector a través da Capitanía Marítima de Vigo, o 3 de marzo de 2017.

Este marco legal define o proceso polo que as embarcacións que se dedican á extracción do percebe teñen a oportunidade ou non de saír a traballar, e define o procedemento de toma de decisións e as súas consecuencias no caso dos lugares con plans de explotacións conxuntos. As realidades do mar, e as complicacións específicas na extracción do percebe, evidencian a necesidade de tomar estas decisións tendo en conta estas cuestións concretas que poden, nalgunha situación, non supoñer perigo para a navegación xeral, para o traballo de extracción doutros produtos, pero si para a extracción do percebe no que a perigosidade é elevada.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Asume o Goberno galego este marco legal sobre a determinación das condicións de mal tempo e a súa consecuencia sobre os accesos á explotación do percebe?
2. Ten o Goberno galego outra consideración legal sobre este procedemento de toma de decisións sobre o mal tempo e actividade laboral na extracción do percebe?
3. Considera válido o Goberno galego o criterio da Lei de navegación marítima e as consecuencias que de el se derivan ao fío da Orde de regulación de explotación de recursos específicos?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 12:29
Nº Rexistro: 9203
Data envío: 16/05/2017 12:29:37.808



 **Grupo Parlamentario**

Julio Torrado Quintela na data 16/05/2017 11:33:17

María Dolores Toja Suárez na data 16/05/2017 11:33:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia
